

Sobre a interpolación do pronome átono

Por **Amparo Cereixo**

Hai algún tempo que apareceu o estudio de X. M. Sánchez Rei, *Se o vós por ben tiverdes*, no que aborda o estudio sobre a colocación dos pronomes desde unha perspectiva diacrónica. A lectora de galego da Universitat de Barcelona, Amparo Cereixo, traballa na actualidade na súa tese de doutoramento sobre o complemento indirecto medieval.

- 01:08 15/05/2001

O pronome átono sempre despertou un grande interese entre os gramáticos, de aí a cantidade de artigos que versan sobre a súa caracterización, función, colocación... como poden ser os de Cidrás Escáneo, Ogando, Xove Ferreiro, R. Álvarez ou Vázquez López. No que respecta á colocación, o pronome admite varias posibilidades condicionadas por múltiples factores, entre eles o tipo de cláusula, a orde dos constitúntes clausais, o tempo verbal, a polaridade ou a modalidade. Así, tendo en conta estes factores e outros moitos, o pronome pode situarse ben a carón do verbo (enclítico, proclítico ou mesoclítico), ben, nos casos de anteposición verbal, afastado deste por outro elemento. Esta última colocación foi moi frecuente na Idade Media pero co paso do tempo o seu emprego foi mermando e só se mantén en determinados casos. A súa evolución ó longo do tempo e a descrición da situación actual é a que expón Sánchez Rei na súa obra [Se o vós por ben tiverdes](#).

A interpolación consiste na inserción dun ou máis elementos entre o clítico e o verbo, xa sexa un SUX, un CD, un CC... Este é o tema de *Se o vós por ben tiverdes*, obra concebida desde unha perspectiva diacrónica, o cal implica implica traballar cun corpus moi amplo xa que este ten que abranger as distintas etapas da lingua e, ó mesmo tempo, ser representativo de cada unha delas, tarefa non doada e máis cando o corpus escrito se lle engade un corpus oral, como é o caso. O corpus escrito recóllese na bibliografía activa, se ben botamos en falta unha relación máis ampla do corpus oral, principalmente a localización das gravacións feitas con este obxectivo. Sen embargo, cremos que tanto o corpus oral como o escrito é o suficientemente significativo como para analizar as distintas épocas da lingua e tirar conclusións fundamentadas.

Esta perspectiva obríganos a pór en relación, aínda que sexa moi superficialmente, esta estrutura galega con outras semellantes no resto da Romania. O contraste entre as distintas linguas permítenos abordar cun maior rigor a orixe deste fenómeno, e saber se se trata dunha estrutura única e exclusiva do romance occidental peninsular ou se está estendido polo resto da Romania, o cal nos levaría a pensar nunha orixe latina ou latino tardía. De aí que sexa moi interesante a panorámica que Sánchez Rei nos ofrece nun dos capítulos da súa obra, analizando qué acontece en español, francés antigo, italiano, romanés... e que permite relacionalo coas distintas teorías existentes sobre a súa orixe que o autor analiza examinando os prós e contras de cada unha

delas.

Xa centrados na historia do fenómeno na nosa lingua, Sánchez Rei trata dous puntos fundamentais: cómo o reflicten as distintas gramáticas galegas e cómo o seu emprego foi evolucionando desde a Idade Media ata hoxe. En canto á atención que lle prestaron as distintas gramáticas, o autor fai un percorrido por todas e cada unha delas sinalando desde aquelas que omiten esta colocación ata as que non só constatan a súa existencia senón que ofrecen as características que favorecen o seu emprego e qué tipo de elementos aparecen interpostos. É a historia da interpolación vista a través das gramáticas.

En canto á evolución do fenómeno na lingua, Sánchez Rei diferencia varias etapas: a Idade Media, os séculos XVI-XVIII, e do XIX ó XX. Os tratados cunha maior profundidade son a Idade Media e a época actual, nada estraño se temos en conta as vicisitudes da historia externa da nosa lingua e a escasa documentación coa que contamos para as outras épocas, principalmente os séculos XVI e XVIII, e ó mesmo tempo a presión do castelán sobre a lingua escrita. A descrición tipolóxica que fai en cada época é fundamental para contrastarmos a situación inicial coa actual e vermos cales son os elementos interpolados que mellor resisten o paso do tempo e en que época comeza a esmorecer un ou outro. A tipoloxía faise desde un punto de vista sintáctico, tendo como referencia básica as funcións primarias que se interpolan; no que se refire á época actual mestúranse funcións sintácticas (SUX., CD., CI...) con tipos de unidades (frases preposicionais, cláusulas...), aínda que, se cadra, sería preferible optar por unhas ou por outras. A tipoloxía que fai Sánchez Rei está baseada no corpus escrito e oral, se ben o autor admite que a nivel oral é moito menor o seu emprego que a nivel escrito por ser este último un rexistro moito máis artificioso e coidado.

Se o vós por ben teverdes de Sánchez Rei é unha obra básica para toda persoa interesada na gramática e, máis concretamente, na colocación do pronome. É unha análise ampla e exhaustiva da interpolación -unha das colocacións máis significativas da nosa lingua- non sempre coñecida en profundidade, polo que esta obra ten un mérito engadido.

Xosé Manuel Sánchez Rei

Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego.

Santiago de Compostela: Laiovento, 1999.

ISBN 84-89896-62-3